


# LEVITACIÓN, NIVEL INICIACIÓN



## NACHO TAIBO

### SINOPSE

"Levitación, nivel iniciación" é a historia, en boa parte verdadeira, de Ákira, un diplomático xaponés que chega a España ao pouco de acabar a Guerra Civil. Na súa inopinada conversión ao catolicismo coñece unha familia coruñesa que o anima a visitar Galiza. Descobre que alí levita. Para el será a Terra da Felicidade. No marco das viaxes e dun tristeiro Madrid en ruínas, onde algúns veneran a Alemaña triunfante, abrolla un tenue amor entre Ákira e Isaura, filla daqueles galegos, sobrevoando as abismais diferenzas culturais que o xaponés enfrenta con valorosa vontade.

No medio interpone, acaparador, Cholo, irmán da rapaza, un falangista convencido, aproveitado, chupón e lacazán, tan xermanófilo como para seguir ao minuto a visita do xerarca nazi Himmler. Malia o sentido poético da vida que o oriental desprega, Cholo chega a ser un dos protagonistas desta historia, contra a súa vontade –supoñemos– e a nosa. Mentre o xentil diplomático segue levitando en segredo, en ningún outro lugar que en Galiza.

Despois, a barafunda da Guerra Mundial arredaraos, levando o Ákira moi lonxe, perdido no turbillón tumultuoso da Historia. Sen remisión, aparentemente, pois a loura Isaura e o diplomático seguen camiños moi diverxentes.

Á volta do novo século, superando a distancia no espazo, o sentimento renacerá baixo a forma dunha fiel, honesta e sosegada amizade que non se detén ante océanos nin continentes....



Editora	LAIOVENTO S.L.
Materia	NARRATIVA
Colección	COLECCION XERAL
EAN	978848477172
Estado	Disponible
Encadernación	Tapa blanda
Páginas	99
Tamaño	210x140x6 mm.
Peso	175
Prezo (Imp.inc.)	14,95€
Idioma	Galego
Data de lanzamento	01/04/2025

### Títulos relacionados



O TERROR NAS  
TEBRAS E  
OUTRAS CATAS  
NA MEMORIA  
CARLOS MEIXOME



RAFAEL DIESTE  
XOSE RAMON MATO  
FREIXEIRO



PARA  
COMPRENDER A  
MUSICA  
CONTEMPORANEA  
HENRY BARRAUD



DESDE UNHA  
MESA DE CAFE  
PAULINO PEREIRO